

# "PEGADAS NA IAUGA"

PATRIMONIO INMATERIAL: A SEMENTE



## NOME DO PROXECTO

"PEGADAS NA IAUGA"  
PATRIMONIO  
INMATERIAL:  
A SEMENTE"

## PROMOVEN

Biblioteca Escolar "Carlos Labraña"  
do CEIP Nicolás del Río (Cedeira) e  
Biblioteca Escolar Punta Candieira do  
IES Punta Candieira (Cedeira)

## DESENVOLVEN

Alumnado de 3º A de Primaria e de  
1º de Bachelato de Antropoloxía

## ENLACE AO PROXECTO

## MEMORIA INDIVIDUAL MODALIDADE 3

### A-. INTRODUCCIÓN:

O proxecto "Pegadas na iauga". Patrimonio Inmaterial: a semente naceu da xa longa colaboración entre as bibliotecas escolares da

Vila de Cedeira e dá continuidade a un traballo interdisciplinar comezado o curso pasado e que xerou grande satisfacción ao alumnado, ás familias dos alumnos e á familia das bibliotecas.

O concepto de patrimonio inmaterial é esvaradío, abrangue dende a lingua ata a música, a tradición oral ou os oficios. Como unha pegada na iauga, vai facendo un camiño que non se ve, pero que nos define. Así que é complicado delimitar o concepto, mesmo definilo e ese foi o comezo.

Levaron o traballo adiante os alumnos de 3º A de primaria do CEIP Nicolás del Río e os alumnos de Antropoloxía de 1º de bachelato do IES Punta Candieira cunha metodoloxía cooperativa e integradora e sobre todo, creativa.

Na táboa 1 descríbese o detalle de contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación así como competencias clave referidas á materia de Antropoloxía. A carga horaria é de dúas horas semanais e este traballo artéllase arredor do primeiro, terceiro e cuarto bloques do currículo: a Antropoloxía como saber, Antropoloxía cultural e Antropoloxía social, salientando as producións inmateriais de Galicia circunscritas ás particularidades da contorna cedeiresa.

Táboa I. Concreción curricular Antropoloxía - "Pegadas na lauga". Patrimonio Inmaterial: a semente

ACTIVIDADE	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE
SELECCIÓN DAS FONTES DE INFORMACIÓN	B1.1 Características, obxecto, método e técnicas de estudos antropolóxicos. B3.1 Interiorización da cultura: axentes e procesos de endoculturación	B1.1. Definir e precisar o campo de estudo da antropoloxía, a súa metodoloxía e as súas técnicas. B3.2. Describir a interiorización da cultura.	ANTB1.1.1. Identifica e distingue, de xeito claro e razoado, o campo de estudo da antropoloxía. ANTB1.1.2. Diferencia a súa metodoloxía e as técnicas ao respecto doutras ciencias ANTB3.2.1. Describe o significado de interiorización da cultura. ANTB3.2.2. Identifica e define os axentes e procesos de endoculturación	CCL CSC CCA CMCCT CCEC
RECOLLIDA DE DATOS	B3.4. Dinámica das culturas e diversidade cultural	B3.4. Describir as dinámicas das culturas e a diversidade cultural.	ANTB3.4.1. Describe, analiza e explica algún elemento cultural do seu contorno, comprendendo a complexidade da diversidade cultural global e de Galicia	CCL CSD CSIEE CCEC
POSTA EN COMÚN	B3.3. Análise da cultura: perspectivas <i>emic</i> e <i>etic</i>	B3.3. Analizar a cultura, distinguindo as perspectivas <i>emic</i> e <i>etic</i> .	ANTB3.1. Analiza algún elemento cultural do seu contorno e compáralo adecuadamente con outras manifestacións culturais, distinguindo as perspectivas <i>emic</i> e <i>etic</i>	CCEC CSC CSIEE
CREACIÓN ARTÍSTICA BASEADA NA TRADICIÓN	B3.6. Producións culturais	B3.6. Describir as producións culturais e distinguir as materiais das inmateriais.	ANTB3.6.1. Describe a través dos seus trazos as producións culturais, e distingue as materiais das inmateriais. ANTB3.6.2. Describe con argumentación producións materiais e inmateriais de Galicia.	CCEC CSC CCL

<p>DRAMATIZACIÓN</p>	<p>B3.7. Linguaxe. B3.8. Arte e técnica</p>	<p>B3.7. Identificar as relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais. B3.8. Describir os elementos característicos da arte e da técnica, dende unha óptica histórica e antropolóxica.</p>	<p>ANTB3.7.1. Identifica relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais. ANTB3.7.2. Identifica as relacións entre lingua e cosmovisión, tendo <u>Galicia</u> como exemplo. ANTB3.8.1. Identifica os elementos característicos da arte e da técnica, e diferéncias desde unha perspectiva histórica e antropolóxica. ANTB3.8.1. Describe exemplos de manifestacións artísticas e técnicas de <u>Galicia</u>, e compréndeos no seu contexto.</p>	<p>CCL CSC CCEC</p>
<p>DIFUSIÓN</p>	<p>B3.5. Sociedade global</p>	<p>B3.5. Describir os elementos da sociedade global.</p>	<p>ANTB3.5.1. Recoñece, a partir dunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade global.</p>	<p>CCEC CSC</p>

## B-.OBJECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS:

O obxecto da investigación consistiu en delimitar o concepto de patrimonio inmaterial tomando como base o currículo e traballando a produción escrita para desenvolver a oralidade. A radio escolar como recurso foi unha canle decisiva neste obxectivo.

A concreción da temática elixida desenvolveuse a través dun fío condutor, a auga, importante como elemento para oficios e xeitos de vida relacionados coa cultura galega e as tradicións, moitas delas perdidas. A recuperación da

memoria e o patrimonio inmaterial foi o motor das propostas.



Fig. 1 A presentación. Comeza un proxecto: recepción de cartas

Fig. 2 Rapetada na praia da Madalena



## C- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA:

O calendario do proxecto artéllase de forma conxunta e tendo o conta o currículo. A investigación cooperativa, potenciando a alfabetización mediática, concreouse nunha exposición a fin de curso interxeracional, cunha produción audiovisual e musical propia así como a elaboración dun díptico con códigos QR para dar acceso a todas as fases do proxecto.

### Recollida de información

No caso dos alumnos de Antropoloxía, no primeiro trimestre, fíxose un traballo de documentación e estudo para delimitar o

concepto de patrimonio inmaterial e artellar intereses. Deste xeito, nun primeiro momento, realizouse unha actividade que, aínda que non quedou integrada no proxecto conxunto, serviu para recuperar unha colección de xogos tradicionais elaborados por alumnos de Tecnoloxía de hai anos

e que se estaba botando a perder. O xogo, como parte do patrimonio inmaterial, foi o punto de partida para concretar e afinar a procura de información arredor do proxecto conxunto.

Tipoloxía das fontes consultadas:

dixitais e papel



Faise camiño ao andar

Posta en común e selección da información a través de actividades cooperativas.

Todas as actividades do grupo desenvolvéronse na biblioteca. Sendo un grupo pequeno de 6 alumnos, as posibilidades de empregar os recursos da biblioteca e mesmo o seu espazo, facilitou o traballo en equipo de forma permanente. Todas as actividades deseñáronse neste contexto tomando como eixo vertebrador o seguinte:

- O patrimonio inmaterial e a súa concreción na contorna: oficios, artes tradicionais e asentamentos.
- A idade dos alumnos de primaria para o deseño das actividades.

Creación artística baseada na tradición

As creacións tiveron tres dimensións pois o proxecto saíu das aulas para atopar acubillo en diferentes asociacións culturais da Vila. En moitos casos a climatoloxía, e noutros os compromisos de expertos ou a dispoñibilidade dos espazos, determinaron a temporalización. As competencias lingüística, tanto oral como escrita, e dixital foron a base de grande parte das creacións.

A táboa 2 matiza este apartado.

Táboa 2 Creacións

Patrimonio inmaterial	CREACIÓN	PARTICIPACIÓN
Perfilando conceptos: patrimonio material versus inmaterial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recuperación de xogos tradicionais elaborados por alumnos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnos de 1º de bacharelato de Antropoloxía</li> </ul>
O OFICIO DAS LAVANDEIRAS Lavadoiros e tradición	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración dun guión de radio e escaleta e entrevista ás avoas lavandeiras</li> <li>• Gravación do podcast sobre o oficio das lavandeiras.</li> <li>• Dramatización no lavadoiro das Saíñas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnos de 1º de bacharelato de Antropoloxía</li> <li>• Alumnos de 3º A de primaria do CEIP</li> <li>• Avoas lavandeiras</li> <li>• Aturuxeiras de Cedeira</li> <li>• Quique Vázquez e Andy Brañas (fotos)</li> <li>• Alumnos da Onda Discalza - Radio na biblio</li> <li>• Beatriz Leonardo, Elsa López e Paulo Vicente (música)</li> </ul>

<p>A VIDA NOS CASTROS MARÍTIMOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración dun guión dramatizado de radio sobre a vida no Castro Sarridal e colaboración na gravación do podcast na Radio Experimental</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnos de 1º de bacharelato de Antropoloxía</li> <li>• Alumnos de 3ª A de primaria do CEIP</li> <li>• Quique Vázquez e alumnos de 6º C de primaria.</li> <li>• Mº Xosé Rodríguez. Concelleira de Cultura</li> <li>• Emilio Ramil. Director da excavación do Castro Sarridal</li> </ul>
<p>BAILES TRADICIONAIS</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• "Un mar de muiñeiras"</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnos de 1º de bacharelato de Antropoloxía</li> <li>• Alumnos de 3º A de primaria do CEIP</li> <li>• CFR de Ferrol</li> </ul>
<p>Artes tradicionais de pesca A RAPETA</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xornada de rapeta na praia da Madalena</li> <li>• Elaboración de guión e escaleta para radio sobre as artes de pesca tradicionais e a xornada de rapeta</li> <li>• Gravación de podcast na Onda Discalza aos organizadores da Xornada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnos de 1º de bacharelato de Antropoloxía</li> <li>• Alumnos da Onda Discalza</li> <li>• Alumnos de Voluntariado Escolar de 1º e 2º de bacharelato</li> </ul>

## Dramatización

Artellado o proxecto a compartir, elixíronse escenarios distintos para a súa dramatización:

- A radio escolar, Onda Discalza do programa Radio na Biblio para a gravación dos podcast: o oficio das lavadeiras e a entrevista á Jose de Vigo como representante do Museo Mares de Cedeira.
- A praia da Madalena de Cedeira para a Xornada da Rapeta.
- Os asteleiros de Navantia para a xornada "Un mar de muiñeiras"
- O lavadoiro das Saíñas, en Cedeira.
- O Castro Sarridal, na Punta Sarridal, en Cedeira.
- A Biblioteca Escolar do IES para os encontros entre os Vagalumes, as avoas lavadeiras e os alumnos de 1º de bacharelato.



Fig 3 Cartel e normas para a participación da cidadanía na exposición fotográfica que se concretou a fin de curso

**Difusión**

Para dar a coñecer e facer participar tanto á comunidade educativa como ao pobo de Cedeira, deseñáronse carteis, un díptico cos códigos QR que

enlazaba coas producións creadas polos alumnos e programas de radio que se deron a coñecer a través das redes sociais.

Esta publicidade deu unha dimensión distinta ao traballo

realizado e fixo medrar a participación de outros alumnos, familias, mestres e habitantes da Vila.

A exposición permanecerá aberta para o público todo o verán en horario de mañá.



Fig 4 Díptico informativo



Fig. 5 Avoas lavandeiras na BE do IES

## D-. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E O ALUMNADO:

- Creación de guións e escaletas para a gravación de programas de radio na Onda Discalza.
- Carteis e dípticos para a exposición de fotografía dos lavadoiros.

- Libro "Vagalumes" para corresponder ás cartas de presentación dos alumnos de primaria.
- Elaboración de rúbricas de avaliación das actividades orais e escritas.
- Difusión a través de documentos aloxados nos blogs da radio e da biblioteca
- Utilización da plataforma Google Suite e a aplicación Classroom.

## E- RELACIÓN DE TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO:

- Documentación segundo o procedemento descrito no apartado C, sempre establecendo comparativas con elementos culturais semellantes noutras culturas e noutras localidades de Galiza.
- Percura de materiais e elementos tradicionais para as dramatizacións tanto nos lavadoiros como na xornada da rapeta.
- Ensaio de baile tradicional e posta en escena nos Asteleiros de Navantia.
- Gravación de podcast na Onda Discalza e na Radio Experimental do CEIP.
- Montaxe da exposición final, presentación do acto e recepción das familias.
- Visita ao Castro Sarridal e elaboración de preguntas para o director da excavación.
- Charla sobre artes de pesca tradicionais no IES e no Museo Mares de Cedeira.



## F- RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN:

### RECURSOS HUMANOS

Profesorado, familias, comunidade educativa, Museo Mares de Cedeira, Concellalía de Cultura, Director da excavación do Castro Sarridal, CFR e o GT de baile tradicional, alumnado voluntario da Onda Discalza.

### ESPAZOS

Bibliotecas Escolares, Onda Discalza e Radio Experimental, Museo Mares de Cedeira, Castro Sarridal, praia da Madalena, lavadoiro das Saiñas e CEIP Nicolás del Río.

### RECURSOS INFORMÁTICOS E DIXITAIS

Ordenadores, móbiles, tablets e impresoras.

Radio Escolar

Cámara de vídeo e fotográfica

Editores de vídeo

Plataforma Google Suite

Redes sociais

## FONTES

### BIBLIOGRÁFICAS

- Anpa o Beco (2018) *Inventario de fontes e lavadoiros do Concello de Cedeira*. (edición propia)
- Pillado González, Francisco (2015) *Parada en Betanzos*. Betanzos. Editorial Biblos
- Asociación Maiores de Cedeira. *Entre Lurussia e Gondwana. Cedeira no século XX*. 4ª tiraxe
- Cortizas, Antón (2001) *Chirlosmirlos. Enciclopedia dos xogos populares*. Vigo. Xerais
- Ramil González, Emilio. Tomás Botella, Victor. López Loureiro, Rafael. (2000) *Arqueoloxía no concello de Cedeira*. Cedeira. Fundación Municipal Villabrilte.
- Galicia Meiga (2015) *Lavandeiras da noite* (post de blog) Recuperado de: <http://www.galicia-meiga.com/lavandeiras-da-noite/>



Fig 6 Os expertos do Castro Sarridal

- Vázquez Mosquera, José Manuel (2009) "Lavadero público gratuito de Betanzos" en *Anuario Brigantino* nº 32. páxinas 367-382

## ARTÍSTICAS

- Maside, Carlos (1956) *Lavadeiras*. Óleo sobre lenzo. Colección legado Carlos Maside. Exposición Fundación Luis Seoane. A Coruña. Recuperado de: <https://www.arte.gal/2016/06/02/carlos-maside-luis-seoane-aquel-abrazo/>
- *Lavadeira da noite*. Adaptación: Beatriz Leonardo sobre a canción de Carlos Núñez, con letra de Casto Sampedro e Folgar. Interpretación: Beatriz Leonardo e Elsa López.

## G- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO:

As bibliotecas escolares medran e espállanse ata onde o horizonte o permite. Consideramos así que a comunidade educativa é o pobo enteiro. Este ano, a implicación foi de toda a comunidade, tanto a educativa como a social. Mestres e profesores do IES e, sobre todo, os equipos das BE, ese ben tan inestimable. Familias, Concello de Cedeira, Museo dos Mares de Cedeira, equipo arqueolóxico do Castro Sarridal, Asociación Aturuxeiras de Cedeira, avoas lavadeiras fixeron grande os equipos das bibliotecas escolares e tamén posible o noso proxecto.



Fig. 7 Compartindo experiencias no Castro Sarridal



Fig. 8 Ensenando oficio na Xornada de rapeta

## H-DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

As actividades desenvolvidas quedaron reflectidas nas redes sociais das BE, tal como se sinala no cadro.

ACTIVIDADE	DIFUSIÓN (preme na ligazón)
LAVADOIRO DAS SAIÑAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="https://www.youtube.com/watch?v=5ZDtrrqzTFg">https://www.youtube.com/watch?v=5ZDtrrqzTFg</a></li> <li>• <a href="https://bepuntacandieira.blogspot.com/2019/05/patrimonio-inmaterial-lavandeiras.html">https://bepuntacandieira.blogspot.com/2019/05/patrimonio-inmaterial-lavandeiras.html</a></li> </ul>
CASTRO SARRIDAL	<a href="https://www.blogger.com/blogger.g?blogID=8780037305410927196#editor/target=post;postID=7748606418726736692;onPublishedMenu=allposts;onClosedMenu=allposts;postNum=20;src=postname">https://www.blogger.com/blogger.g?blogID=8780037305410927196#editor/target=post;postID=7748606418726736692;onPublishedMenu=allposts;onClosedMenu=allposts;postNum=20;src=postname</a>
"UN MAR DE MUIÑEIRAS"	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=-kW_DJz_8cl&amp;feature=share&amp;fbclid=IwAR33EH_x40vOH2HnkFqXydLrRo0O79ws5zymwZsylJYXCmun3RMA0kSl1E">https://www.youtube.com/watch?v=-kW_DJz_8cl&amp;feature=share&amp;fbclid=IwAR33EH_x40vOH2HnkFqXydLrRo0O79ws5zymwZsylJYXCmun3RMA0kSl1E</a>
XORNADA DE RAPETA	<a href="https://www.blogger.com/blogger.g?blogID=8780037305410927196#editor/target=post;postID=2839279084836941547;onPublishedMenu=allposts;onClosedMenu=allposts;postNum=4;src=postname">https://www.blogger.com/blogger.g?blogID=8780037305410927196#editor/target=post;postID=2839279084836941547;onPublishedMenu=allposts;onClosedMenu=allposts;postNum=4;src=postname</a>
EXPOSICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="https://bepuntacandieira.blogspot.com/2019/06/pegadas-na-iauga.html">https://bepuntacandieira.blogspot.com/2019/06/pegadas-na-iauga.html</a></li> <li>• <a href="https://www.youtube.com/watch?v=6PKM7inT938&amp;feature=share">https://www.youtube.com/watch?v=6PKM7inT938&amp;feature=share</a></li> </ul>

Táboa 3 Enlaces



PROXECTO INTERCENTROS

# "PEGADAS NA IAUGA" PATRIMONIO INMATERIAL, A SEMENTE.

VAGALUMES 3º A  
ANTROPOLOXÍA 1º BACHERELATO

EXPOSICIÓN E ACTO FINAL  
MÉRCORES 19 XUÑO  
19:00 HORAS

BIBLIOTECA CARLOS LABRAÑA  
CEIP NICOLÁS DEL RÍO








Fig. 10 Cartel e fotos da exposición

# I- AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVES DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

Táboa 4 Rúbrica para a avaliación da oralidade

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
PRESENTACIÓN	O alumno preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e comeza a súa exposición sen mencionar o tema do que trata.	O alumno preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral.	Empeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial.
EXPRESIÓN ORAL	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
VOLUME DE VOZ	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar.	O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dubida, baixa o volume.	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.
EXPRESIVIDADE	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran nalgunhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información.	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar.
INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES	Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.
EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABALLO	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse un pouco coa orde.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada.
RECURSOS DIDÁCTICOS	A exposición acompañaase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade.	Soporte visual adecuado e interesante na súa xusta medida.	Soporte visual adecuado.	Soporte visual non adecuado.	Sen soporte visual.
TEMPO	O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a súa presentación.	O alumno utilizou un tempo axustado ao previsto, pero cun final precipitado ou excesivamente longo por falta de control do tempo.	O alumno utilizou o tempo adecuado, pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación.	Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente.	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema.

Táboa 5 Rúbrica para avaliar a documentación das propostas

	Competencias	EXCELENTE (10)	MOI AVANZADO (8)	SATISFACTORIO (6)	BÁSICO (4)	ESCASO (2)
REDACCIÓN	CCL	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cumpre coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo non está estruturado e ten introdución, desenvolvemento e conclusión.
ORTOGRAFÍA	CCL	O texto non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 6 e 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten máis de 10 erros ortográficos.
EXTENSIÓN	CCL	O exercicio escrito adáptase á extensión esixida (2, 3 ou 4 páxinas).	O exercicio escrito presenta media páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta unha páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta dúas páxinas máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta máis de dúas páxinas da extensión esixida.
CONTIDO	CCL AA CD	Trátase o contido que se pediu. Emprega documentación axeitada e recursos dixitais	Nalgúns parágrafos non se trata nada do contido que se pediu. Emprega a maior parte da documentación e recursos dixitais	Un 60% do texto non ten relación co contido que se pediu. Emprega algún recurso dixital e parte da documentación	Algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido. A penas emprega recursos dixitais e escasa documentación	Só se menciona o tema pedido, pero non se trata. Non emprega a documentación axeitada, nin recursos dixitais
ARGUMENTACIÓN DE IDEAS	AA CSEC	Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Presenta ideas que argumenta con debilidade.	Presenta ideas sen argumentar.	Non presenta ideas e as que presenta non están argumentadas.
TEMPO DE ENTREGA	AA CSEC	A entrega realizase na data indicada.	A entrega realizase cun día de atraso.	A entrega realizase con dous días de atraso.	A entrega realizase con tres días de atraso.	A entrega realizase despois de pasados tres días da data indicada.

## J- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO:

### *Por, para, desde...*

Esa letanía de preposicións que recitabamos de pequenos na escola é a xusta medida, pero cunha nova dimensión, do que as Bibliotecas Escolares son para a creación, o pensamento crítico, a autonomía e o futuro.

Por iso semente, porque agardamos que agrome, que poidamos arrecender os froitos deste proxecto que naceu aquí, que se espallou a través dos micrófonos da Radio Escolar, que prendeu na terra e nos muros e mesmo na "iauga".

E son os equipos das bibliotecas escolares, baixo o acubillo do PLAMBE e da Radio na Biblio os que fixeron posible todo isto.

E vontade, e diversidade, e libros e fogar!

